

**Resolución reitoral pola que se convocan os premios "SANTANDER X SPAIN AWARD 2025 - PROXECTOS EMPRENDEDORES"**

Nun entorno en constante evolución, onde a innovación e o emprendemento son claves para o desenvolvemento económico e social, a Universidade de Vigo, a través da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade, impulsa esta convocatoria de premios a proxectos emprendedores co obxectivo de recoñecer e apoiar o talento da súa comunidade universitaria.

Grazas ao apoio do Banco Santander, a través do convenio de colaboración subscrito coa UVigo, esta convocatoria permite dotar de recursos a proxectos con alto potencial, promovendo a cultura emprendedora dentro da universidade, co que se busca fortalecer o ecosistema de innovación, incentivar a aplicación do coñecemento á resolución de problemas reais e potenciar a empregabilidade e o desenvolvemento profesional dos participantes, consolidando a UVigo como un referente en emprendemento e transferencia de coñecemento.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar en réxime de concorrencia competitiva os premios SANTANDER X SPAIN AWARD 2025 – Proxectos emprendedores, que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica  
O reitor  
Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)  
A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade  
Natalia Caparrini Marín



**ANEXO I****BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS  
PREMIOS SANTANDER X SPAIN AWARD 2025 – PROXECTOS EMPRENDEDORES****1. OBXECTO**

O obxectivo do Programa é recoñecer e potenciar a nivel nacional iniciativas emprendedoras xurdidas na Universidade de Vigo.

**2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Para solicitar o premio é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) Un membro do equipo debe estar matriculado ou recién titulado (cunha antigüidade máxima de cinco anos desde o momento da súa graduación) de grao, máster universitario ou doutoramento na Universidade de Vigo.
- b) O/a estudante ou recién titulado/a debe ter residencia legal en España.
- c) Tamén poderán formar parte do equipo persoas que teñan a condición de profesorado universitario, persoal investigador predoctoral ou posdoutoral, empregado/a ou persoal funcionario da Universidade de Vigo ou que teñan participado nalgún programa de emprendemento promovido pola Universidade de Vigo.

**3. REQUISITOS DOS PROXECTOS SOLICITANTES**

Os proxectos emprendedores deberán cumprir polo menos un dos seguintes requisitos:

- Proxectos emprendedores en fase de validación para o seu lanzamento no mercado con potencial de disrupción e altamente escalables que dispoñan dun MVP (Produto Mínimo Viable) ou estar constituídos legalmente como empresa que non tiveran facturación nin fixeran un levantamento de capital.
- Proxectos emprendedores que teñan un prototipo conceptual que permita a validación da solución con potenciais clientes
- Proxectos emprendedores enfocados no desenvolvemento e/ou fabricación de novos bens ou servizos para o mercado, utilizando coñecementos científicos ou tecnolóxicos de vangarda.
- Proxectos emprendedores innovadores baseados en nova tecnoloxía factible e crible, nova aplicación tecnolóxica, novo modelo de negocio ou un novo proceso. A madurez da tecnoloxía será referenciada xunto con calquera patente ou estratexia de IP asociada á solución.

**4. COMPATIBILIDADE**

A percepción do premio obxecto do Programa será compatible con outro tipo de axudas de natureza igual ou distinta aos premios que son obxecto deste Programa, calquera que sexa a súa orixe, pública ou privada.

**5. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO**

1. Os fondos destinados a estos premios irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 6.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A Universidade de Vigo concederá tres premios que consistirán



CSV : GEN-574e-2d13-2a9f-2582-8240-d826-1e61-d2be

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 27/03/2025 11:14 | NOTAS : F

- Nunha achega económica para o desenvolvemento da solución emprendedora de 2.000 € que será aboada á persoa solicitante. O importe está suxeito á retención do IRPF establecida na lexislación tributaria.
- Acceso directo ao premio nacional "Santander X Spain Award | University 2025", previa inscrición no mesmo, onde as persoas gañadoras de todas as universidades poderán competir entre elas e obter exposición a nivel nacional, así como a oportunidade de conseguir unha serie de beneficios adicionais, tanto económicos como en especie, segundo a convocatoria específica do premio.
- Difusión dos proxectos gañadores nas redes sociais e webs do Grupo Santander, onde se incluírá unha mención co nome dos membros do equipo, a descrición do proxecto, así como os seus logotipos e accesos á súa páxina web e redes sociais.

3. O pagamento da achega económica efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa solicitante e da que deberá ser titular.

## 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. O estudante ou recen titulado deberá :

- 1) Inscribirse na plataforma Santander X na convocatoria [Modalidad A: Proyectos de Emprendimiento](#)
- 2) Presentar na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>), a través da instancia xenérica (SXER), unha solicitude, poñendo no asunto "Premios SANTANDER X SPAIN AWARD 2025 – Proxecto emprendedor".

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **22 de abril de 2025** ás 23:59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude.

3. Xunto coa solicitude deberá presentar

- a. a declaración responsable de cumprimento de requisitos do proxecto (Anexo II).
- b. datos da conta bancaria da persoa solicitante da que debe ser titular na que se ingresará a achega económica.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

## 7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

### Fase 1: Admisión dos proxectos

1. A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, revisará que as persoas solicitantes compren os requisitos da convocatoria e publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

2. As persoas interesadas disporán de **cinco** días hábiles contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Fase 2: Avaliación dos proxectos (preselección)

1. A Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo avaliará os proxectos e seleccionará un máximo de 10 proxectos en base aos seguintes criterios:



- Potencial de impacto: 25%
- Calidade na innovación: 15%
- Viabilidade: 15%
- Escalabilidade: 15%
- Vantaxe competitiva: 15%
- Estrutura do equipo: 15%

Poderase solicitar aclaracións sobre o proxecto presentado e requirir que acheguen outra documentación necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados, co fin de contrastar a información facilitada e garantir a homoxeneidade na calidade dos candidatos preseleccionados, para seleccionar as mellores solucións.

2. Á vista da proposta da Área de Emprego e Emprendemento, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de proxectos preseleccionados** e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

3. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco** días hábiles contados desde o día seguinte á publicación, presentando o formulario de alegacións na secretaría virtual da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

4. Concluído este prazo, publicarase a **lista definitiva de finalistas** que pasan á fase 3 e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

### **Fase 3: Concesión de premios**

1. Os proxectos emprendedores finalistas deberán participar na fase final de selección, a cal consistirá na presentación do seu proxecto mediante un vídeo autoeditado de máximo 3 minutos, seguido de 5 minutos para responder ás preguntas da comisión de selección.

Para a avaliación dos proxectos, a comisión atenderá aos seguintes criterios:

- Potencial de impacto: 20%
- Escalabilidade: 20%
- Vantaxe competitiva: 20%
- Estrutura do equipo: 20%
- Valoración do Pitch: 20%

A Comisión de Avaliación poderá declarar desertos os premios se a calidade dos proxectos presentados non cumpre os mínimos esixibles para acadar os seus obxectivos.

A Comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade ou persoa en quen delegue

Vogais: Belén Rubio Armesto, Vicerreitora de Investigación e Transferencia ou persoa en quen delegue

Maruxa Alvarez Jimenez, Directora da Área de Emprego e Emprendemento ou persoa en quen delegue

Ángeles López Lozano, Directora técnica da Oficina de I+D ou persoa en quen delegue

Marta Mariño Regueiro, Directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue

Luisa Sánchez Mendez, Vicepresidenta Deputación Pontevedra ou persoa en quen delegue

M<sup>a</sup> Eugenia Fandiño Pita, representante del Banco Santander ou persoa en quen delegue



Se, por calquera causa, no momento en que a comisión teña que examinar as solicitudes, algún dos membros non pode asistir, esta substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

2. Unha vez efectuada a selección pola Comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de premios concedidos** e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

3. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación, presentando o **formulario de alegacións** na secretaría virtual da Universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

4. Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas enviará á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade a proposta, quen adxudicará os premios mediante a correspondente resolución.

A resolución conterá a **listaxe definitiva de premios concedidos** e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 6 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produciase a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## 8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán aceptar a concesión do premio mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva. De non facelo entenderase que renuncia e se lle concederá a bolsa a seguinte persoa da lista de agarda.

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas antes de que se inicie a mentorización a través de instancia xenérica (SXER). As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da axuda á seguinte persoa da lista de agarda.

## 9. OBRIGAS

As persoas beneficiarias dos premios deberán:

CSV : GEN-574e-2d13-2a9f-2582-8240-d826-1e61-d2be

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 27/03/2025 11:14 | NOTAS : F



- a) Aceptar as bases da presente convocatoria e do documento de “Términos y Condiciones” que se publica xunto coa mesma.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que poidan ser realizadas polos órganos competentes, quedando obrigados a facilitar toda a información e documentación que lles poida ser requirida para tal efecto.
- c) Destinar o premio ao obxecto da convocatoria
- d) Participar no premio nacional “Santander X Spain Award I University 2025.

#### 10. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida. De existir incumprimento do desenvolvemento do obxecto propio da axuda, previo informe neste sentido polo/a director/a da Área de Emprego e Emprendemento, poderase interromper de xeito cauteloso o abono da axuda económica unha vez iniciado o procedemento.

#### 11. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

#### 12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto\\_%20proteccion\\_datos\\_para\\_CONVOCATORIAS\\_bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)

#### 13. NATUREZA DA RELACIÓN ENTRE OS PROXECTOS BENEFICIARIOS E A UNIVERSIDADE DE VIGO

As persoas físicas beneficiarias destas axudas, os membros dos proxectos, e o persoal das empresas non adquiren ningunha relación contractual, nin laboral, nin administrativa, nin estatutaria coa Universidade de Vigo nin coas entidades que colaboran nesta convocatoria.

#### 14. COORDINACIÓN NO PROGRAMA

A Área de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa. As persoas participantes poderán dirixir á [emprego@uvigo.es](mailto:emprego@uvigo.es) as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vivencia do programa.



**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESONSABLE**

D/Dª ..... , con DNI ..... , e ao obxecto de participar na convocatoria dos premios "SANTANDER X SPAIN AWARD 2025 - PROXECTOS EMPRENDEDORES,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que cumpre os requisitos dos proxectos solicitantes establecidos na convocatoria.

En (localidade) ..... , a (día) ..... , (mes) ..... de (ano) .....

Sinatura

Código seguro de Verificación : GEN-574e-2d13-2a9f-2582-8240-d826-1e61-d2be | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

	<b>CSV : GEN-574e-2d13-2a9f-2582-8240-d826-1e61-d2be</b>
	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <a href="https://portafirmas.redsara.es/pf/valida">https://portafirmas.redsara.es/pf/valida</a>
	<b>FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN   FECHA : 27/03/2025 11:14   NOTAS : F</b>